



# **Normativa para persoas delegadas de grupo**

## TÍTULO I: DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS DELEGADAS DE GRUPO

Artigo 1.- A persoa delegada de grupo ten dereito a:

1. Ser considerado/a integrante da DAAT con plenos dereitos mentres dure o seu cargo de representación estudantil.
2. Participar das Asembleas Xerais da DAAT con voz e voto.
3. Que as súas labores académicas se compatibilicen, sen menoscabo da súa formación, cas súas actividades representativas.
4. Recibir un crédito ECTS pola súa actividade de representación estudantil.
  - a. Esta actividade xustificarse mediante o seu informe anual (ver artigo 2.6) ante a DAAT.
  - b. Será a DAAT a encargada de acreditar o merecemento do crédito ECTS.

Artigo 2.- A persoa delegada de grupo ten o deber de:

1. Coñecer e seguir os regulamentos que afectan ao estudiantado: estatuto do estudante universitario, normativas universitarias e, por último, propias do centro así como da DAAT
2. Defender os dereitos, intereses e necesidades dos seus compañeiros e compañeiras de clase independentemente dos seus intereses persoais.
3. Servir de intermediaria entre o seu grupo e demais estamentos da escola tales como delegación, profesorado ou dirección.
4. Comentar a marcha das clases ao profesorado suxerindo posibles melloras.
5. Comunicar as incidencias do seu grupo á DAAT.
6. Realizar un informe anual que resuma as melloras, propostas e accións que levase a cabo durante o seu mandato.

## TÍTULO II: ESTABLECEMENTO DE PERSOAS DELEGADAS

Artigo 3.- Número de persoas delegadas de grupo:

1. O presente regulamento ten valor tanto no Grao en Enxeñaría De Tecnoloxías de Telecomunicación en galego/castelán coma o Grao En Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación en inglés.
2. No primeiro e segundo curso existirá unha persoa delegada de grupo para cada grupo de teoría.
3. No terceiro curso existirá unha persoa delegada de grupo por cada mención de especialidade.

## TÍTULO III: ELECCIÓN DE PERSOAS DELEGADAS DE GRUPO

Artigo 4.- As persoas delegadas de grupo serán elixidas mediante o seguinte proceso:

1. Calquera persoa matriculada poderá ser candidata a ser delegada do grupo A ao que pertenza. No caso de estar matriculada en materias de varios cursos, priorizarase aquel curso do que máis materias teña.
2. So se pode ostentar un cargo de delegado/a por curso académico.
3. A candidatura comunicarase no mesmo momento da votación
4. As eleccións a delegado realizaranse nun prazo de catro a seis semanas dende o inicio das clases.
5. En caso de presentarse unha única candidatura, esta será sometida a unha moción de confianza polo resto dos seus compañeiros e compañeiras presentes no momento da votación.
6. O proceso de moción de confianza seguirá a seguinte estrutura:
  - a. A votación realizarase a man alzada, por parte de todas as persoas pertencentes ao grupo presentes na aula no momento da votación.
  - b. Nun acta deberá recollerse a fecha, hora e lugar da votación, e o recuento dos votos.
  - c. A acta será asinada por persoal da delegación e a persoa candidata para dar fe do proceso.
7. No caso de presentarse varias candidaturas, vencerá quen acade unha maior cantidade de votos.
8. O sistema de votación seguirá a seguinte estrutura:
  - a. Todas as candidaturas serán presentadas brevemente
  - b. Nunha papeleta cada votante debe escribir o nome da candidatura a que desexe votar.
  - c. Deberan depositarse tódalas papeletas na urna portada polos representantes da DAAT.
  - d. Tras o recuento, a DAAT comunicará o nome da persoa escollida nun prazo de 10 días naturais dende a votación.

Artigo 5.- Perda da condición de persoa delegada:

1. Vontade propia da mesma.
2. Fin do curso académico.
3. Reprobación dos seus compañeiros/as, mediante unha moción de censura apoiada pola maioría absoluta das persoas matriculadas no seu grupo.